

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP AMOR RUIBAL
MATERIA: GLOBALIZADA
CURSO: 6º EDUCACIÓN INFANTIL
DATA: 04-05-2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Achegarse á escrita a través de textos curtos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece o son e a escrita de diferentes letras. ▪ Escribe autonomamente palabras e textos curtos conforme á etapa lecto-escritora na que se atopa. ▪ Recoñece palabras escritas de uso habitual.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Afianzar a cadea numérica do 1 ao 10. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escribe de xeito autónomo a cadea numérica de forma crecente e decrecente. ▪ Sabe que números faltan nunha cadea numérica dada. ▪ Conta elementos e asocia o número cardinal correspondente.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver a comprensión oral e o gusto pola tradición oral a través dos contos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ escoita contos e cancións con atención.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver estratexias de investigación e recopilación de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Responde aos retos propostos na aula virtual . ▪ Fai recollida de datos guiada a través de propostas cerradas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Fai expresións plásticas creativas. • As producións son organizadas. • Fai uso do debuxo como elemento comunicativo. • Mostra ledicia ante as diferentes propostas musicais. ▪ Participa activamente nas propostas artísticas.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Análise das producións presentadas a través de correo e Aula Virtual.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Rexistro de observación tendo en conta o proceso de consecución: en proceso, con dificultade e sen dificultade. Recollida de datos a través das familias para ver o nivel de autonomía e posibles dificultades na elaboración das propostas da aula virtual ou o material impreso.</p>
Cualificación final	<p>O proceso de aprendizaxe da educación infantil é un proceso que ten que ver co nivel madurativo e evolutivo de cada alumno. Teranse en conta as avaliacións 1ª e 2ª e o carácter evolutivo desta etapa.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Organización das actividades por recantos temáticos: <ul style="list-style-type: none"> • Recanto do proxecto “Polo Mundo” <ul style="list-style-type: none"> • Recollida de información a través das propostas da aula. • Elaboración de follas de recollida de datos segundo o país proposto. • Recanto dos contos e os cantos <ul style="list-style-type: none"> • Propostas auditivas e visuais de contos, cancións e fragmentos musicais. • Recanto de xogamos cos números <ul style="list-style-type: none"> • Actividades tipo como: xogos de números tendo de base a cadea numérica, proposta de manipulación de elementos e asociación de cantidades, conteo cara adiante e cara atrás, realización de series numéricas sinxelas. • Recanto de xogamos coas letras <ul style="list-style-type: none"> • Actividades tipo como: actividades interactivas de recoñecemento das letras, produción escrita dalgunha palabra e dalgún texto curto... • Recanto de somos artistas: <ul style="list-style-type: none"> • Propostas artísticas inspiradas en diferentes pintores. • Para o alumnado con Necesidades Específicas, están creados grupos pechados dentro da Aula Virtual. Con actividades elaboradas polo Departamento de Orientación.
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Alta conectividade: Traballo a través da Aula Virtual Baixa conectividade: Combinación de Aula Virtual e correo electrónico Escasa conectividade: Contacto telefónico.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Aula Virtual, Fichas e propostas de actividades elaboradas polo profesorado. Actividades Interactivas, propias ou seleccionadas.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Mensaxería Aula Virtual, e ABALAR
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.